



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS**

**Curso Académico: 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas e Finalizadas curso 2016-2017
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
    - Outros criterios
      - [AM-1](#)
      - [AM-2](#)
      - [AM-3](#)
      - [AM-4](#)
      - [AM-5](#)
      - [AM-6](#)
  - Abertas curso 2017-2018
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [MPS-AM-1 \(S\)](#)
      - [MPS-AM-2 \(S\)](#)
      - [MPS-AM-4 \(S\)](#)
      - [MPS-AM-5 \(S\)](#)
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
      - [MPS-AM-3 \(S\)](#)
  - Finalizadas curso 2017-2018
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<b><u>A) DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u></b>	
Denominación do título	Máster Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas - INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ciencias Experimentales, Matemáticas y Tecnología e Informática.</li> <li>2. Ciencias Sociales y Humanidades.</li> <li>3. Formación Profesional.</li> <li>4. Lenguas y Literaturas</li> <li>5. Artes.</li> <li>6. Orientación educativa.</li> </ol>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Si/Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	30/04/2015

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A regulación do título de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas recóllese na Orde ECI/3858/2007, que é a norma que regula o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, oficializando a súa denominación, formulando os obxectivos e competencias, establecendo os requisitos de acceso e fixando a planificación básica das ensinanzas, iniciase a súa implantación no curso 2009 - 2010.

O perfil formativo/egreso do título axústase a memoria do título, no que se sinala como obxectivo xeral o de ofrecer a formación pedagóxica e didáctica requirida pola normativa vixente aos futuros profesores de ensino secundario, bacharelato, formación profesional, conservatorios e escolas oficiais de idiomas. Sinálase como requisito imprescindible para o ingreso nos corpos docentes e habilita os egresados para a docencia nos mesmos, conservando a súa relevancia e interese no noso contexto social.

No curso 2016/2017 o número de prazas ofertadas foi 240 en total: 180 na FCE-Santiago, 60 na FFP-Lugo. A matrícula de novo ingreso completouse cunha elevada lista de agarda.

O parlamento de Galicia ten instado á Universidade a tratar as cuestións de xénero na formación inicial de mestres/as e profesorado de ensino secundario. Tanto desde o VR, a través da Comisión de Coordinación, como desde a Comisión Académica do Máster acordouse incluír nas materias do módulo común contidos relacionados con esta temática. Tamén se contemplou solicitar, desde a Oficina e Igualdade da Universidade e o PFID, algunha formación específica do profesorado en inclusión do perspectiva de xénero no currículo. Este cometido será obxecto dunha acción de mellora recollida como MPS-AM-1.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No apartado 2 da Memoria de Verificación do Título sinálanse as especialidades en que se organiza o Máster, vinculándoas coas distintas áreas de docencia en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas: Ciencias Experimentais, Matemáticas, Tecnoloxía e Informática; Ciencias Sociais e

Humanidades; Formación Profesional; Linguas e Literaturas; Artes e Orientación Educativa.

A oferta de módulos e materias, tamén recollidos na Memoria de verificación do Título, non sufriron modificacións.

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías e avaliación axústanse ao establecido na memoria de verificación. Si ben existen diferenzas organizativas derivadas dos distintos módulos (común-específico; Practicum I e II, TFM) o tamaño dos grupos parece o adecuado para realizar as actividades formativas.

Non existe curso de adaptación e dada a especificidade do máster e a organización temporal derivada dos períodos de Practicum, non se contemplan programas de mobilidade.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A coordinación preséntase como un dos aspectos a mellorar. A complexidade organizativa, derivada da existencia de diversas especialidades e itinerarios en dous campus, módulos de materias común e específicos, dous períodos de Practicum, a atención a un número elevado de alumnos/as de TFM e a cantidade de profesorado involucrado fai necesario repensar os mecanismos de coordinación. Neste sentido presentáronse nos informes de seguimento previos varias propostas e accións de mellora dirixidas na liña de creación de subcomisións por módulos/materias – con recoñecemento por parte da VR- para a creación de espazos e tempos que puidesen facilitar a coordinación entre o profesorado implicado. Tamén se presenta unha renovación importante de profesorado, derivado de xubilacións e novas incorporacións, que dificilmente pode encontrar un espazo de coordinación máis alá das estruturas do departamento.

Algún profesorado ten desenvolvido algunhas boas prácticas de coordinación en algúns módulos comúns e específicos (por exemplo, por especialidades) revisando os contidos/competencias das distintas materias do módulo para que non se produzan solapamentos ou esquecementos significativos por entender que xa se abordan noutras materias. Estas iniciativas son benvidas e favorecen unha clara mellora da coordinación interna favorecida polo traballo do profesorado do Máster.

O Máster cúrsase nunha modalidade exclusivamente presencial. Tense trasladado a VR correspondente a conveniencia de pensar nunha modalidade semipresencial ou a distancia, ante a elevada demanda e suxestións nesta liña sen que ata o momento se teña considerado procedente.

Porén, compre ter en conta a posibilidade de obter dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias. Segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da USC, o alumnado ten dereito a “unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral”. Ao mesmo tempo, segundo recolle o artigo 130.2, tamén ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”. Aínda que o réxime de matrícula a tempo parcial constitúe un instrumento útil para a conciliación dos diferentes ámbitos da vida do estudantado, para os casos onde o problema non se pode resolver deste xeito a Secretaría Xeral da USC ditou a Instrución nº 1/2017 que regula o procedemento sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias. Para poder atender debidamente ao alumnado ao que lle fose concedida esta dispensa, os programas docentes deben contemplar de xeito explícito a incidencia da asistencia a clase no sistema global de avaliación. Tal e como se recolle na Instrución sinalada, para situacións excepcionais nas que non exista outra alternativa para cursar estudos e nas que se acredite enfermidade grave ou tratamentos médicos

inaprazables, estar ao cargo de persoas dependentes ata o segundo grao de consanguinidade, sufrir un caso de acoso ou estar de alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social (sempre que non se poida acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial), valorarase a concesión dunha dispensa académica. Os programas das materias tamén deben indicar os procedementos necesarios para que os estudantes dispensados de asistir a clase poidan acadar as mesmas competencias que se recibisen docencia presencial. Con carácter xeral, a dispensa da asistencia a clase concédese só para a docencia expositiva (agás que o programa da materia contemple outras situacións). Para solicitar a dispensa da asistencia a clase, o alumnado debe acreditar documentalmente atoparse nalgunha das causas que especifica a devandita instrucción, e o centro só poderá concedela tendo en conta o criterio de excepcionalidade, é dicir, a falta doutra alternativa para cursar os estudos.

As practicas externas (Practicum I e II) teñen unha estrutura complexa, na que interveñen distintos axentes. Por unha banda, desde a coordinación do Máster, asígnanselle profesorado supervisor do practicum a cada estudante que debe traballar conxuntamente co profesorado tutor asignado polo centro educativo no que se realiza o Practicum. A relación de centros e profesorado de secundaria habilitados para a realización dos períodos de practicum está regulado pola Consellería de Educación –Orde do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio de 2011)- que, anualmente, publica a relación de centros e docentes, nunha secuencia temporal que dificulta a asignación de prácticas coa anticipación requirida. Cómpre destacar a especial dificultade de asignación de titores e titoras na especialidade de Orientación Educativa na cidade de Santiago de Compostela, onde só se dispuxeron de 2 centros, o que obriga ao alumnado a desprazarse a localidades próximas a cidade. Esta forma de adjudicación do profesorado tutor do Practicum produce, nalgunhas ocasións algunhas dificultades para asignar centro/profesorado tutor ao alumnado na localidade na que este quere realizar as súas prácticas pero que ata o momento se veñen resolvendo cunha asignación de centros por chamamento a elección de destino, entre os dispoñibles, en función da nota media do expediente do alumnado. Este proceder que ten dado bos resultados será obxecto dunha acción de mellora na que se reflectirá por escrito o protocolo a seguir na asignación de centros de Practicum.

En xeral a valoración que fan os estudantes do Practicum é positiva (media da titulación de 4,05 sobre 5), sendo o ítem peor valorado o referido a duración do Practicum (media de 3,27) e a maior valoración para a atención prestada polo profesorado tutor (media de 4,38) e a referida a utilidade do Practicum como complemento da súa formación (media de 4,30)

O número de centros colaboradores no Practicum foi de 93 en Santiago, con 181 profesores/as titores/as, En Lugo participaron 24 centros e 40 titores.

Aínda que, polo momento, non hai evidencias por escrito de problemas de coordinación entre o profesorado supervisor do Máster e o profesorado tutor dos centros si que hai constancia de que o profesorado supervisor emprega maioritariamente o correo electrónico como medio de comunicación co profesorado tutor, establecéndose basicamente un ou, no mellor dos casos, dous momentos nese intercambio de información, excepto se xorden problemas: un ao inicio do período de prácticas e outro tras recibir o informe de avaliación do profesorado tutor, para informar da súa recepción e agradecer a colaboración prestada. Sería de interese que todo o profesorado supervisor atendera cando menos a eses dous momentos de intercambio de información e seguimento das prácticas do alumnado e se puidera, así mesmo, favorecer algunha outra boa práctica de coordinación entre profesorado universitario e o profesorado tutor de ensino secundario. A asunción de maiores responsabilidades debería ir ligado ao incremento do recoñecemento do labor docente por alumnado en prácticas. O actual (0,6 h./alumno en Practicum I e 0,8 en Practicum II) dificulta totalmente a esixencia de maiores compromisos.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os requisitos de acceso e admisión están recollidos na Orde ECI/3858/2007, na Memoria do Título (apartado 4) e na normativa de matrícula no Máster [http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/Master\\_Profesorado.html](http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/Master_Profesorado.html). As especificidades sobre oferta de prazas por campus e especialidade, e sobre o perfil de acceso a cada unha delas reguláronse por resolución reitoral.

Á información web para o proceso de admisión e matrícula accédese mediante ligazón directa na páxina principal da USC e na Unidade de Xestión Académica. Desde a coordinación do Máster, presencialmente, por vía telefónica e/ou por e-mail, aténdense tamén consultas diversas sobre o proceso de admisión no Máster.

A necesidade de reducir a grande diversidade de titulacións universitarias a un número limitado de especialidades no Máster fai que algunha teña unha adscrición pouco satisfactoria. Esta dificultade véñse resolvendo a través de informes da Comisión Académica e da Coordinación do Máster a instancias da Unidade de Xestión Académica.

En canto ao calendario, a coincidencia entre o remate do prazo de matrícula e o comezo da docencia sen que os datos de matrícula estean aínda revisados polos servizos correspondentes, está producindo algunhas disfuncións que cómpre corrixir polos prexuízos que ocasiona ao alumnado afectado: leve atraso na incorporación ás clases por parte dalgún alumno/a e, especialmente, problemas coa acreditación do B1 con algunhas matrículas (p. e. de alumnado sen título B1 ou cunha mala acreditación do mesmo) que son comunicadas só se detectan unha vez iniciado o curso. Tamén se producen incorporacións tardías por moito movemento nos chamamentos da lista de agarda ao darse de baixa algún alumnado (por non poder pedir dispensa de asistir ás clases presenciais ou outros motivos)

Na memoria do título non se contemplan os complementos de formación para a nivelación e adquisición de competencias e coñecementos.

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No referido aplicación das distintas normativas (de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas,...), estas desenvólvense segundo o establecido nas mesmas, sen ningunha incidencia a destacar, aspecto este que queda reflectido nos resultados acadados polo alumnado da titulación, destacando, entre outros xa mencionados no apartado correspondente do presente informe, a taxa de rendemento (95,36%), a taxa de éxito (99,43%), a taxa de graduación (90,30%) e a taxa de eficiencia (99,18%), valores todos eles superiores á media das diferentes titulacións da Universidade de Santiago de Compostela (MedUSC\_2016-2017).

O sistema de recoñecemento de créditos -cando se presentan validacións de estudos- resólvese pola comisión académica do Máster, atendendo os informes e recomendacións do profesorado das materias e facendo referencia ás competencias sinaladas no título.

No curso 16-17 presentáronse 6 solicitudes de recoñecemento de créditos cursados por formación feita con anterioridade recoñecéndose unha media de 11 créditos pero cun número variable dos mesmos segundo os estudos cursados indo de 4 créditos á persoa que menos recoñecementos se lle fixeron a 27 créditos recoñecidos no caso de maior recoñecemento.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto aos mecanismos existentes na institución para comunicar e garantir á totalidade de grupos de interese un fácil acceso á información relevante do título e dos procesos que garanten a súa calidade, destaca, en primeiro lugar, a páxina web das Facultades e do Título

(<http://www.usc.es/masteres/gi/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/profesorado-educacion-secundaria-obrigatoria-bacharelato-formacion-profesional-ensino-idiomas>)

([http://www.usc.es/gi/centros/cc\\_educacion/master\\_profesorado.html](http://www.usc.es/gi/centros/cc_educacion/master_profesorado.html)).

(<http://www.usc.es/gi/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9>)

A información desta última actualízase a medida que avanza o curso académico e está accesible a todos os grupos de interese, para que poidan acceder a información fundamental referida a posibles trámites a realizar polo alumnado e prazos; coordinación do título e dos diferentes cursos; profesorado da titulación; obxectivos, competencias e saídas profesionais; plan de estudos, oferta e admisión, horarios de cursos e calendarios de exames, así como outra información de interese, referida, especificamente, ao Practicum, ao Traballo Fin de Máster, Programas de Mobilidade, normas de permanencia e avaliación, Sistema de Garantía Interno de Calidade do título, etc.

Finalmente, no referido á satisfacción coa información pública dispoñible sobre a titulación, cómpre salientar a valoración realizada polo alumnado (N=46, 15,92%) que é de 2,7 (escala 1-5) na FCE e de 2,95 (escala 1-5) na FFP (INF.22\_2016-2017), así como polo profesorado (N=33, 33,33%) que é de 3,72 (escala 1-5) na FCE e de 4,18 (escala 1-5) na FFP (INF.23\_2016-2017), o que reflicte unha satisfacción positiva neste senso, aínda que mellorable no caso do alumnado. No referido á valoración realizada por parte da alumnado egresado, sobre a información pública dispoñible, resalta a puntuación outorgada (3,05 sobre 5, escala 1-5) que se ven ampliando ano a ano desde a puntuación de 2,47 (escala 1-5) do curso 2014-2015 (IN23M-PC-12). Non obstante, de cara a manter os resultados xerais de carácter positivo é preciso continuar coas tarefas realizadas polas persoas responsables do Centro/Titulación para manter actualizada e sintetizar a información dispoñible coa pretensión de favorecer, a través do emprego de ditas ferramentas, a difusión da mesma con maior claridade e aplicando criterios de accesibilidade para as persoas usuarias.



## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os dous centros que imparten o título teñen desenvolvido os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Simplificado do SGIC e as Memorias de Calidade dos Centros. Nas páxinas web das dúas Facultades ofrécese un acceso directo ao apartado de Calidade onde aparece reflectida toda a información relativa a mesma: memorias verificadas, manuais do SGIC, informes de seguimento, etc. Polo tanto o grao de cumprimento deste criterio pódese considerar satisfactorio. No vindeiro curso deberemos afrontar unha nova revisión do SGIC unha vez que acaba de ser revisado o SGIC marco da USC e este reto recollerase nas accións de mellora dos centros implicados nesta titulación no curso 2017-2018.

As fontes de datos para analizar necesidades, avaliar e facer propostas de mellora do título e das súas ensanzas levase a cabo mediante informes e cuestionarios coa colaboración da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. A información recollida trata, no posible, de dar resposta aos indicadores xerais de calidade do título: plan docente anual, captación do alumnado, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación da aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título, e satisfacción dos grupos de interese: egresados/as, profesorado, alumnado, PAS, profesorado titor externos do Practicum (profesorado de secundaria en activo).

No procedemento de enquisa ao alumnado, ademais de preguntarlle pola súa satisfacción coas prácticas externas e coa docencia recibida se lle pide a súa opinión sobre a xestión da calidade en dous ítems: 1) en canto as canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns e 2) sobre a información pública dispoñible sobre a titulación. Con respecto ao primeiro ítem, a valoración global (máster USC) é de 2,92 (escala 1-5) (2,20 na FCE-Santiago, 2,10 na FFP-Lugo) e con respecto ao segundo ítem a valoración global (máster USC) é de 3,16 (escala 1-5) (2,95 na FFP-Lugo, 2,70 na FCE-Santiago).

Tamén ao profesorado se lles require, ademais de información sobre a súa participación en Programas de Formación e Innovación Docente, a súa titorización das prácticas obrigatorias e a súa percepción sobre a docencia impartida, a súa valoración sobre a xestión da calidade. Neste caso, a través de 4 ítems, todos eles valorados satisfactoriamente no conxunto do título. O menos apreciado son as vías de participación na mellora da calidade da titulación cunha cualificación de 2,97 (escala 1-5) no conxunto do título (3,36 en FFP-Lugo e 2,76 en FCE-Santiago), dous aspectos algo máis estimados son as canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns cunha puntuación de 3,19 (escala 1-5) (3,10 en FCE-Santiago e 3,36 en FFP-Lugo) e a información dispoñible en relación coa calidade cunha puntuación de 3,16 (escala 1-5) (2,91 en FCE-Santiago e 3,64 en FFP-Lugo). Por último, o ítem con maior puntuación, 3,56 (escala 1-5) no conxunto do título (3,91 en FFP-Lugo e 3,38 en FCE-Santiago) é a información pública dispoñible sobre a

titulación.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os documentos que configuran o SGC son o Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade e o Manual de Procesos e Procedementos. Ambos documentos, así como o Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade, están dispoñibles a través das páxinas web das dúas Facultades que imparten o título. Nos dous centros elabóranse anualmente unha Memoria de Calidade, que recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de melloras do centro, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos. O seguimento das melloras que se presentan no apartado 3 (plans de mellora) confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso dos centros co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos expostos na memoria de verificación do título, de acordo coas recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados.

No caso da FFP-Lugo, a versión inicial do Manual do SGIC corresponde ao 27 de maio de 2010. A primeira revisión tivo lugar o 8 de febreiro de 2011, co obxectivo de proceder á singularización do documento e a introdución de diversas modificacións. Con posterioridade, o 5 de xuño de 2014 aprobouse o Manual Simplificado. Pola súa banda, o 4 de febreiro de 2015, o Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Manual Simplificado (modificación da táboa de indicadores), así como o Manual de Procesos e Procedementos. No curso 2016/2017 foi informado favorablemente o Plan Estratégico da Facultade o 27 de abril de 2017 así como a Programación Plurianual, aprobada pola Xunta de Facultade o 14 de marzo do 2017.

Polo que se refire á FCE-Santiago, o Manual Simplificado do SGIC adoptouse por primeira vez en decembro de 2013,

sendo revisado en 2015 (aprobado pola Xunta de Facultade o 22 de abril de 2015 e, finalmente, pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015).

Como xa apuntabamos no apartado 3.1. no vindeiro curso deberemos afrontar unha nova revisión do SGIC unha vez que acaba de ser revisado o SGIC marco da USC e este reto recollerase nas accións de mellora dos centros implicados nesta titulación no curso 2017-2018.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **Profesorado:**

No curso 2016/2017 o corpo docente da Facultade de Ciencias da Educación en Santiago estivo formado por un total de 75 profesores/as, que son membros de 8 departamentos, e o da Facultade de Formación do Profesorado en Lugo por un total de 54 profesores/as, pertencentes a 11 departamentos. É preciso analizar a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é de 37,78% (43,75% na FCE-Santiago e 29,09% na FFP-Lugo), o que amosa un descenso considerable respecto aos cinco cursos anteriores polas taxas de reposición insuficientes, a precariedade dos contratos e o estancamento da promoción do profesorado existente.

A esta realidade non é alleo o Máster de Profesorado de Secundaria, donde hai un alto número de profesorado asociado (maioritariamente profesorado de secundaria) que fai que a plantilla sexa cada vez máis heteroxénea, con menos estabilidade o que sen dúbida repercute na calidade da docencia do Máster, como se pode apreciar nas táboas adxuntas. É certo que esta categoría pode ser moi apropiada para desempeñar actividades docentes en títulos profesionalizadores e habilitantes para o exercicio de profesións reguladas, como é o caso deste Máster, pero non é menos certo que se está a abusar desta figura para cubrir docencia vacante, simplemente polo baixo custo que representa e teña ou non que ver coa experiencia profesional fóra da Universidade do docente contratado. Ademais, non sempre se conta con candidatos para as prazas convocadas, os procesos de contratación alórganse extraordinariamente e as dificultades para a obtención das compatibilidades son cada vez maiores, o que provoca que en numerosas ocasións a docencia dalgunhas materias permaneza sen cubrir durante varias semanas ata que se produce finalmente a contratación deste tipo de profesorado.

Na FCE-Santiago, dos 78 profesores/as (de 14 departamentos e 25 áreas) só se conta cun catedrático/a de universidade como docente, no curso 2016-2017, e o número de profesorado asociado de universidade (LOU) é próximo ao de profesorado titular de universidade (20 asociados/as e 24 titulares/as). En total o profesorado do Máster na FCE-Santiago acumula 57 sexenios de experiencia investigadora e 188 quinquenios.

Categoría	Número	Total (%)	Doutores/as (%)	Horas (%)
Contrato Posdoutoral Xunta	1	1,28%	100%	0,23%
Investigador: Ramón y Cajal	1	1,28%	100%	0,72%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	1,28%	100%	1,97%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	20	25,64%	40%	24,30%
Profesor: Contratado Interino	8	10,26%	75%	9,78%
Profesor: Lector	1	1,28%	0%	0,54%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	7	8,97%	100%	7,70%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	12	15,38%	100%	17,63%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	3	3,85%	33%	6,74%
Profesor: Titular de Universidade	24	30,77%	100%	30,39%
<b>Total</b>	<b>78</b>	<b>100%</b>	<b>78,21%</b>	<b>100%</b>

Na FFP-Lugo cóntase con 20 profesores/as de 6 departamentos e 7 áreas presentando unha variabilidade un pouco menor de categorías docentes pero tamén só un catedrático/a de universidade como docente, no curso 2016-2017, e o número de profesorado asociado de universidade (LOU) é próximo ao de profesorado titular de universidade (20 asociados/as e 24 titulares/as). En total o profesorado do Máster na FFP-Lugo acumula 13 sexenios de experiencia investigadora e 48 quinquenios.

Categoría	Número	Total (%)	Doutores/as (%)	Horas (%)
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	5,00%	100%	2,20%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	3	15,00%	33%	21,26%
Profesor: Catedrático de Escola Universitaria	1	5,00%	100%	5,58%
Profesor: Colaborador	1	5,00%	-	6,32%
Profesor: Contratado Interino	5	25,00%	60%	24,27%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	1	5,00%	100%	12,51%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	3	15,00%	100%	15,38%
Profesor: Titular de Universidade	5	25,00%	100%	12,47%
<b>Total</b>	<b>20</b>	<b>100%</b>	<b>75,00%</b>	<b>100%</b>

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total sitúase no 38,36%, nunha clara curva descendente dende o inicio do máster: 2009-10: 56,60%; 2010-11: 59,46%; 2011-12: 57,81%; 2014-15: 48,78%; 2015-16: 44,44% e 2016-17: 38,36%.

Tanto o número como a diversidade de procedencia do profesorado implica dificultades na xestión (compatibilidade de horarios, organización dos tribunais para os traballos de fin de máster, etc.) O profesorado é o xusto para atender a docencia e as titorizacións de Practicum e TFM correspondentes, se ben as plantillas están sometidas a un axuste tal que calquera causa sobrevida xera problemas coas substitucións e asignacións de tarefas.

A institución ofrece oportunidades de actualización e formación continua para o profesorado, a través do PFID. As porcentaxes de participación de profesorado do máster nas actividades de formación, teñen evolucionado á baixa nos últimos anos, así na FCE-Santiago as porcentaxes indican que no curso 2012-13 fixeran cursos do PFID o 34, 49% do profesorado do máster, no 2013-14 o 18,45%, no 14-15 o 28, 85%, no 15-16 o 14,74%, e no 16-17 o 37,50%. En Lugo no ano 2012-13 participaron nos cursos o 41,3%, no 2013-14 o 45,2%, no 14-15 o 38,6%, no 15-16 o 39,7% e no 16-17 o 50 %. Con estos datos podemos ver que no campus de Lugo pode apreciarse un aumento constante da participación mentras que en Santiago presenta oscilacións importantes.

Tamén se ofrecen charlas e xornadas de orientación académico-profesional, especialmente dirixidas para os alumnos. Na xornada inaugural do máster do curso 16-17, en Santiago, contouse coa colaboración dun director dun IES, que presentou os proxectos de innovación educativa que se estaban a desenvolver no seu centro educativo. . En Lugo tres profesoras dos diferentes centros que colaboran no Practicum (un IES, un CIFP e a Escola Oficial de Idiomas) falan sobre as tarefas que desenvolven no día a día.

### Titores e coordinadores de secundaria para o Practicum:

O Practicum do alumnado do Máster desenvolveuse na FCE-Santiago en 93 centros de ensino secundario, o que supuxo a colaboración de 93 coordinadores/as neses centros e de 181 profesores/as titores/as e. Na FFP-Lugo participaron 24 centros de ensino secundario, con 24 coordinadores/as e 40 profesores/as titores/as.

A acreditación de centros e titores colaboradores do Practicum realizaa a Consellería de Educación de acordo coa Orde do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio de 2011). Cada curso a propia Consellería fai unha convocatoria para que os centros presenten solicitudes de actualización deses datos. O proceso está perfectamente regulado, pero está funcionando con bastantes deficiencias por causas diversas (número de centros, cambios nas direccións deses centros, modificación por xubilacións ou traslados, etc.). A consecuencia é que se fai difícil dispor dunha nómina de coordinadores/as e profesorado titor totalmente fiable no comezo do Practicum, polo que é unha situación que se debe mellorar. Tamén sería desexable un maior prazo de tempo entre a publicación definitiva dos listados e a incorporación do alumnado aos centros educativos.

No que se refire ao nivel de implicación de coordinadores/as e profesorado titor, a valoración global é positiva, tanto pola valoración global que fan os alumnos (media da titulación de 4,05 sobre 5, escala 1-5), como polo nivel de satisfacción que sinala o profesorado titor cara ao traballo realizado polo alumnado (media de 4,63 sobre 5, escala 1-5). Unha cuestión a revisar é a discrepancia nas avaliacións de Practicum entre o profesorado titor dos centros e o supervisor na universidade. Nalgúns casos constátase unha sobrevaloración na calificación otorgada polos titores nos centros, non coincidente coas memorias presentadas polos alumnos.

### 4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Título obxecto de seguimento comparte para a súa xestión o persoal de administración e servizos (PAS) dos centros en que se desenvolve. O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é suficiente en condicións normais de traballo e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación co título.

A Facultade de Ciencias da Educación en Santiago conta cun total de 20 membros do PAS que, en conxunto, amosan un descenso significativo na súa satisfacción en relación aos cursos anteriores debido, sobre todo á falta de recursos humanos e á sobreesaturación de tarefas que se encargan a nivel de administración e xestión do título. A praza de administración que colabora máis directamente coas tarefas do Máster estivo sen cubrir varios meses (febreiro e maio 2017) por baixa de enfermidade da persoa que ocupa o posto e isto supuxo que a xestión administrativa do Máster presente algunhas deficiencias importantes que o resto do persoal de PAS do centro tentou de solucionar satisfactoriamente. A valoración media no 2016/2017 é de 2,63 (1-5) fronte ao 3 e ao 3,27 rexistrados nos dous cursos previos. Os ítems menos valorados correspóndense a súa percepción como parte dun equipo de traballo (2,14) e á dirección da unidade (2,14). Entre os máis valorados destaca a súa facilidade para expresar opinións no lugar de traballo (3,43) e a súa identificación de aspectos susceptibles de mellora (3,43). En canto a se a formación recibida para desempeñar o seu traballo é axeitada, a media do centro acada un 2,43 (1-5). Correspóndelle á Universidade atender as demandas reiteradas neste sentido pero non se ten obtido respostas axeitadas e que resolvan as dificultades.

Polo que se refire á Facultade de Formación do Profesorado en Lugo, conta cun total de 11 membros do PAS que, en conxunto, tamén amosan un descenso significativo na súa satisfacción en relación co curso anterior. En efecto, a valoración da súa satisfacción global no 2016/2017 é de 3,60 (1-5) fronte ao 4,13 rexistrado no curso anterior. Por

apartados, os ítems peor valorados correspóndense á formación recibida para desempeñar o posto de traballo (3,00) e aos aspectos relacionados coa comunicación (3,18). Entre os máis valorados destaca a valoración da dirección da unidade (4,00) e o posto de traballo (3,95).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Memoria de Verificación do Título (apartado 7) identifícanse os recursos materiais e os servizos necesarios para o seu desenvolvemento e nas páxinas web das dúas facultades infórmase sobre as infraestruturas e recursos materiais de que dispoñen, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento. Os servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse suficientes pero pouco satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas, laboratorios, espazos para traballo dos estudantes, etc.) como aos mecanismos para garantir a súa revisión e mantemento. De feito, ningún dos dous centros dispón dun servizo de reprografía propio. É preciso continuar coas accións de mellora e ampliación de espazos, instalacións e recursos dos centros nos que se imparte a titulación.

Neste sentido, a valoración media dos egresados cos servizos dispoñibles amosa un lixeiro ascenso no curso 2016/2017 cun valor de 3,56 (escala 1-5) (4 na FFP-Lugo, 3,35 na FCE-Santiago), fronte a media xeral de 3,12 (escala 1-5) no curso anterior (3,5 na FFP-Lugo, 2,97 na FCE-Santiago).

De igual xeito, a satisfacción media do alumnado cos recursos materiais e servizos tamén amosa un aumento significativo, aínda que esta realidade, como se verá máis adiante, non se corresponde por igual nos dous Campus. A dispoñibilidade de fondos bibliográficos acada a valoración global máis alta de 3,67 (escala 1-5) (3,64 na FFP-Lugo, 3,12 na FCE-Santiago). As plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia tamén amosan un valor alto de 3,35 (escala 1-5) (3,82 na FFP-Lugo, 2,85 na FCE-Santiago).

A continuación, destacan os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento cunha valoración de 2,74 (escala 1-5). Neste ítem a diferenza entre as dúas facultades é moi salientable porque en Lugo o alumnado puntúa estes espazos cun 2,91 (escala 1-5) mentres que en Santiago asígnalles 1,35 (escala 1-5). Estes valores amosan a necesidade de revisar as instalacións de Santiago para o desenvolvemento de aulas interactivas. Pola súa banda, as aulas e o seu equipamento resultan cunha valoración de 2,84 (escala 1-5) pero a análise por centro tamén sinala unha descompensación chamativa entre os dous Campus. A valoración das aulas acada en Lugo un valor de 2,91 (escala 1-5) mentres que en Santiago é de 1,35 (escala 1-5). Outra diferenza a ter en conta na actualización dos equipamentos do centro compostelano. Por último, en relación aos espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudo, aulas de informática, etc.) novamente se atopa unha variación ampla entre os dous centros. A valoración global destes recursos é de 2,97 (escala 1-5), rexistrándose en Lugo un 2,91 (escala 1-5) e en Santiago un 1,85 (escala 1-5).

A satisfacción do profesorado cos recursos materiais e servizos amosa a descompensación da valoración entre Facultades, aínda que non tan acusada como nas enquisa do alumnado. A descompensación sigue sendo grande a favor de Lugo o cal é un indicativo máis da falta de modernidade e practicidade nas instalacións de Santiago. Incluso esta diferenza se sinala tamén nas plataformas de docencia virtual (que é a mesma) e ferramentas multimedia (moi semellantes). Porén, a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación valórase dun xeito parecido nas dúas Facultades.

Na opinión do alumnado a orientación académica e profesional que reciben é dispar nas dúas Facultades sendo máis favorable no Campus de Lugo. Agora ben, os datos son moi relativos xa que o número de cuestionarios cubertos non representan nin un terzo dos estudantes matriculados.

Un dato moi salientable polo seu resultado positivo é a valoración das instalacións e medios materiais cos que o alumnado contou para o seu desenvolvemento das prácticas externas, cunha media global de 4,52 (escala 1-5). Este dato mantén unha liña sempre favorable nas enquisas dos últimos cursos académicos.

É, por outra banda, moi mellorable o sistema de xestión informática do Máster. Estase empregando o programa Microsoft Excel que non responde ás esixencias da organización dun Máster destas dimensións e características. Tendo en conta que o Título ten dous Practicum que supoñen outras tantas estadias en centros de secundaria, contactos cos centros, nomeamentos, pagamentos e certificacións, é necesario dotarse dunha ferramenta informática de xestión máis axeitada e que facilite o traballo administrativo e de xestión.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados obtidos durante o curso 2016/2017 melloran as previsións da memoria verificada do título e xustifican unha valoración satisfactoria deste criterio. A taxa de graduación é de 90,28% para o conxunto das dúas Facultades; a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) é do 97,72. A taxa de abandono é de 5,09% no curso 2016-2017 o que contrasta coa do curso 2015-2016 que foi do 1,3%

No curso 2016-2017: a taxa de éxito (porcentaxe de créditos superados respecto dos presentados) foi de 99,57%; a taxa de rendemento (créditos superados respecto dos matriculados) foi de 95,77%; a taxa de avaliación (créditos aos que se presentaron sobre créditos matriculados) foi de 96,19%. Finalmente, a duración media dos estudos é de 1,19 anos.

No curso 2016/2017 na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago defendéronse un total de 191 TFM, sendo 64 os defendidos na Facultade de Formación do Profesorado en Lugo.

En resumo, os indicadores de resultados de rendemento e éxito dos estudantes demostran que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución das previsións iniciais da Memoria de verificación do título e amosan un horizonte de traballo positivo.



### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Existe una alta demanda da titulación; sempre se cobren as prazas ofertadas (240) e a nota media de acceso sitúase en (7,73) no curso 16-17. A porcentaxe de estudantes que acceden cunha media superior a 6 é do 98,18%. Non hai estudantes estranxeiros no curso 16-17 e os de fora de Galicia representan só o 4,08%.

Atendendo aos datos ofrecidos para os dous centros nos que se imparte o título:

A taxa de rendemento para o curso 16-17 é do 95,77%.

A taxa de éxito para o curso 16-17 é do 99,57%.

A taxa de avaliación para o curso 16-17 é do 96,19%

A taxa de graduación para o curso 16-17 é do 90,28%

A duración media dos estudos é de 1,19 anos.

A taxa de eficiencia dos titulados é de 97,72 %

A taxa de abandono para o curso 16-17 foi de 5,09%.

Estes indicadores mantéñense estables nos últimos anos, excepto o da taxa de abandono que ten aumentado desde o curso 2015-2016, e superan amplamente as expectativas indicadas na memoria de verificación do título, que se sitúan nunha taxa de graduación: 80%; taxa de abandono: 15% e taxa de eficiencia: 85%

#### **7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida é de 4,13 sobre 5.

O grao de satisfacción xeral do alumnado egresado coa titulación sitúase en 2,99 sobre 5.

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida sitúase en 3,84 sobre 5.

A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida é do 43,72%.

Como xa se apuntou na análise do criterio 5. Recursos Humanos, a satisfacción do PAS co traballo desenvolvido ten unha clara tendencia descendente (14-15: 3,27; 15-16: 3,00; 16-17: 2,63).

**7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados de inserción laboral do título son discretos. O alumnado egresado no curso 2013/2014 acada unha taxa de afiliación profesional no primeiro ano do 40,4%, e do 49,8% no segundo ano despois de rematar os seus estudos. A taxa de afiliación ascende só 9 puntos porcentuais no segundo ano. No tipo de contrato rexístranse unha maioría de contratos temporales que suben no 2º ano e no referente á xornada laboral si se mostra melloría pois a adicación de menos de media xornada descende no segundo ano e ese cambio vai en favor da xornada a tempo completo e a de máis de media xornada. Con respecto ao grupo de cotización os resultados son bos pero a evolución no segundo ano do alumnado egresado ten un aumento mínimo no grupo universitario, só 3,4 puntos porcentuais.

Cohorte de egresados: 2013-2014

Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)										2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)									
	Tasa de afiliación	Contrato			Jornada laboral			Grupo cotización			Tasa de afiliación	Contrato			Jornada laboral			Grupo cotización		
		Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Porcentaje de temporales	Porcentaje a tiempo completo	TP: más de media jornada	TP: menos de media jornada	Universitario	Medio, no manuales	Bajo y manual		Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Porcentaje de temporales	Porcentaje a tiempo completo	TP: más de media jornada	TP: menos de media jornada	Universitario	Medio, no manuales	Bajo y manual
203	40,4%	12,2%	25,8%	74,2%	37,5%	25,0%	37,5%	65,9%	13,4%	20,7%	49,8%	11,9%	17,7%	82,3%	50,6%	24,7%	24,7%	69,3%	12,9%	17,8%

Fuente: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU (Ministerio de Educación)

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311008_P.Ind_2016-2017
			4311008_INF.16_2016-2017
			4311008_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4311008_I2_2016-2017
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4311008_P.Ind_2016-2017
			SIGCAMPUS_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro (Sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (Sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>

		SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a> <a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311008_P.Ind_2016-2017
			4311008_INF.04_2016-2017
			SIGCAMPUS_INF.05_2016-2017
			4311008_INF.06_2016-2017
			4311008_INF.07_2016-2017
			4311008_INF.08_2016-2017
			4311008_INF.09_2016-2017
			4311008_INF.10_2016-2017
			SIGCAMPUS_INF.11_2016-2017
			4311008_INF.13_2016-2017
			4311008_INF.14_2016-2017
			SIGCAMPUS_INF.21_2016-2017
			4311008_INF.22_2016-2017
4311008_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311008_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311008_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	SIGCAMPUS_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2016-2017

4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	4311008_INF.13_2016-2017
			4311008_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	SIGCAMPUS_I10_2016-2017
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a>
			<a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4311008_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4311008_P.Ind_2016-2017
			4311008_INF.17_2016-2017
			4311008_INF.18_2016-2017
			4311008_INF.19_2016-2017
			SIGCAMPUS_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4311008_P.Ind_2016-2017
			4311008_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	4311008_EIL-SIIU_2016-2017

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

## PLAN DE MELLORAS

### 3.1 Accións de mellora abertas e finalizadas curso 2016-2017

#### **AM1: Revisión e mellora de aspectos puntuais das guías e programas da titulación.**

Dende a Comisión Académica do Máster ínstase a coordinadores de área e profesores a revisar as guías das materias correspondentes, especialmente no referido a avaliación no caso de dispensa de asistencia a clase en virtude da nova normativa aprobada pola universidade.

Acción completada. Continúa no curso 17-18 na acción de mellora MPS-AM-2.

Eficacia: sí.

#### **AM2: Estudo da nova ubicación dos Practicums.**

Fíxose un estudo das posibles ubicacións dos Practicums, chegándose a conclusión de que – co calendario actual e a organización interna do máster- os posibles cambios de ubicación non son factibles. Sendo conscientes das limitacións do actual modelo, é difícil atopar unha alternativa viable.

Acción completada.

Eficacia: non. Entendemos que para buscar unha mellor ubicación dos Practicums (especialmente do primeiro) habería que mover a estrutura do calendario xeral da universidade, ampliando o peche de actas do primeiro semestre.

#### **AM 4: Resultados do título, inserción laboral dos egresados.**

Aínda que se revisaron os informes de alumnado egresado da ACSUG e ANECA, non se dispón de datos fiables de inserción do alumnado egresado da titulación, no referido a súa incorporación á docencia en centros de educación secundaria.

Ao non poder concretar as tarefas, non podemos medir a eficacia das accións de mellora.

#### **AM 5: Alumnado pendente de rematar o TFM.**

Existe unha “bolsa” de estudantes pendentes de titular por non ter defendido o TFM. Propóñense as seguintes accións para tentar reducir o volume de alumnado nesta situación:

1. Revisar a relación de alumnos/as e o nº de convocatorias esgotadas e pendentes. Enviarlles esta información.
2. Solicitar do profesorado unha titorización máis continuada nestes casos cun seguimento máis detallado e calendarios de traballo acordados.
3. Organizar algunha formación específica a demanda do alumnado con TFM pendente, que apoie o proceso e de saída a esta problemática.

Estas tarefas serán recollidas na Acción de Mellora MPS-AM- 3 para o curso 17-18.

**AM6: Mellora da coordinación xeral da titulación.**

Dada a complexidade organizativa e o alto volume de estudantes, sería desexable propoñer accións e tarefas concretas que melloren a coordinación no máster. Ao non poder concretar as tarefas, non podemos medir a eficacia desta proposta de mellora.



### 3.2 Acci3ns de mellora abertas curso 2017-2018

<b>ACCI3NS DE MELLORA</b>	
<b>C3digo</b>	MPS-AM-1 (S) (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
3mbito de aplicaci3n	Criterio 1 - Organizaci3n e desenvolvemento
An3lise causa	O Parlamento de Galicia ten instado 3 USC para incorporar a perspectiva de x3nero na formaci3n inicial do profesorado de secundaria
Definici3n/ descripci3n proposta	Introducir estratexias da inclusi3n da perspectiva de x3nero na docencia no m3ster. Responsables: Comisi3n Acad3mica do M3ster, Coordinaci3n do T3tulo, Profesorado do M3ster
Datas	Finalizaci3n: 28/12/2018; Inicio: 02/04/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Ra3l Eir3n Nemi3a
<b>Tarefa1</b>	<b>MPS-AM-1.1</b>
Descruci3n tarefa	Solicitar 3 OIX e ao PFID un curso espec3fico para o profesorado do M3ster de Inclusi3n da perspectiva de x3nero na docencia. Responsables: Coordinaci3n do t3tulo, OIX, PFID
Data prevista de finalizaci3n	28/12/2018
Responsable	Ra3l Eir3n Nemi3a
Estado	Activa
<b>Tarefa2</b>	<b>MPS-AM-1.2</b>
Descruci3n tarefa	Revisar os contidos dos temarios do m3dulo com3n,

	<p>especialmente na materia de Educación, Sociedade e Política Educativa ,e incorporar a perspectiva de xénero nos programas das materias.</p> <p>Responsables: Coordinación do título, profesorado do módulo común do máster</p>
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Raúl Eirín Nemiña
Estado	Activa

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MPS-AM-2 (S) (Curso 2017-2018)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Téñense detectado contradicións, lagoas de contido e reiteracións nalgunhas materias do máster.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	<p>Aínda que xa se ten traballado nesta acción nos cursos precedentes vaise deixar activa un curso máis por se fose preciso activar novas actuacións de revisión das guías das materias do plan de estudos do máster e cunha especial consideración as materias que se imparten conxuntamente en FCE-Santiago e FFP-Lugo.</p> <p>Responsables: Comisión Académica do Máster, Coordinación do Título, Coordinadores/as de Área, Departamentos e Profesorado do Máster</p>
<b>Datas</b>	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/09/2017
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Raúl Eirín Nemiña
<b>Tarefa1</b>	MPS-AM-2.1
<b>Descrición tarefa</b>	<p>Os departamentos, os coordinadores/as de área e o profesorado responsable do Máster revisará as guías das materias para actualizalas nos aspectos que fose necesario. Os cambios realizados deben ser comunicados á coordinación do título para que os incorpore no informe de seguemento correspondente.</p> <p>Responsables: Coordinación do Título, Coordinadores/as de Área, Departamentos e Profesorado do Máster</p>
<b>Data prevista de finalización</b>	28/12/2018

Responsable	Raúl Eirín Nemiña
Estado	Activa

<b><u>ACCIÓN DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	MPS-AM-3 (S) (Curso 2017-2018)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
<b>Análise causa</b>	Existe unha ?bolsa? de estudantes pendentes de titular por non ter defendido o TFM.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Identificar ao alumnado nesta situación e atendelos de maneira máis personalizada para reducir o volumén de alumnado nesta situación. Responsables: Comisión Académica do Máster, Coordinador da Titulación, Profesorado supervisor de TFM
<b>Datas</b>	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/09/2017
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Raúl Eirín Nemiña
<b>Tarefa1</b>	MPS-AM-3.1
<b>Descrición tarefa</b>	Revisión da relación do alumnado do Máster pendente de defensa de TFM con máis de dúas convocatorias esgotadas. Envío desta información ao profesorado titor deste alumnado. Responsables: Persoal Administrativo do Máster
<b>Data prevista de finalización</b>	30/04/2018
<b>Responsable</b>	Raúl Eirín Nemiña
<b>Estado</b>	Activa

Tarefa2	MPS-AM-3.2
Descrición tarefa	Solicitar ao profesorado titor de TFM unha titorización máis intensa e continuada fixando obxectivos a curto e medio prazo para rematar no curso actual o TFM  Responsables: Coordinador da titulación, Profesorado titor de TFM
Data prevista de finalización	28/09/2018
Responsable	Raúl Eirín Nemiña
Estado	Activa
Tarefa3	MPS-AM-3.3
Descrición tarefa	Organizar algunha formación específica, a demanda do alumnado con TFM pendente, que apoie o proceso e dea saída a esta problemática.  Responsables: Coordinación do título
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Raúl Eirín Nemiña
Estado	Activa

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MPS-AM-4 (S) (Curso 2017-2018)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Consolidar e potenciar as actuacións dirixidas a promoción e mellora da calidade da titulación do Máster, a través das actividades complementarias financiadas ao abeiro das convocatorias de axudas externas para esta titulación. (especialmente na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo)  Necesidade de avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Realización de relatorios a cargo de profesionais externos. Responsables: Coordinación do Máster
<b>Datas</b>	Finalización: 14/12/2018; Inicio: 05/02/2018
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Raúl Eirín Nemiña
<b>Tarefa1</b>	MPS-AM-4.1
<b>Descrición tarefa</b>	Seleccionar anualmente os relatores apropiados Responsables: Coordinación do Máster
<b>Data prevista de finalización</b>	02/03/2018
<b>Responsable</b>	Raúl Eirín Nemiña
<b>Estado</b>	Activa
<b>Tarefa2</b>	MPS-AM-4.2
<b>Descrición tarefa</b>	Programar as actividades financiadas

	Responsables: Coordinación do Máster
Data prevista de finalización	14/12/2018
Responsable	Raúl Eirín Nemiña
Estado	Activa
Tarefa3	MPS-AM-4.3
Descrición tarefa	Realizar as actividades programadas Responsables: Coordinación do Máster
Data prevista de finalización	14/12/2018
Responsable	Raúl Eirín Nemiña
Estado	Activa

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	MPS-AM-5 (S) (Curso 2017-2018)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Potenciar a oferta de cursos específicos de orientación e apoio á elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital), a cargo da Biblioteca Universitaria en coordinación co Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA)
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente Responsables: Direccións das Bibliotecas das Facultades e Coordinación do título
<b>Datas</b>	Finalización: 14/12/2018; Inicio: 05/02/2018
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Raúl Eirín Nemiña
<b>Tarefa1</b>	MPS-AM-5.1
<b>Descrición tarefa</b>	Deseñar, organizar e avaliar cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital) Responsables: Direccións das Bibliotecas das Facultades e Coordinación do título
<b>Data prevista de finalización</b>	14/12/2018
<b>Responsable</b>	Raúl Eirín Nemiña
<b>Estado</b>	Activa